A POESÍA É UN TIGRE SEN PARAUGAS

Xela Arias ten un lugar especial na historia das nosas letras polo seu traballo de editora e tradutora, pero, sobre todo, por ser unha extraordinaria poeta. A poesía é un oficio con moita maxia: os poemas son quen de contar o mundo coa palabra e, o que é máis abraiante, incluso poden crear outros universos. Xela Arias sabía moi ben isto. Mirade o que escribía nun artigo que publicou en 1984 no xornal *Faro de Vigo*.

Toda poesía é un trato coa busca da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma (...). Só é poeta o que busca liberarse de si mesmo. Só será poeta quen o consiga.

A natureza a pari-los cantos dos pardaos
nas ramas dos piñeiros
os toxos timidiños florecendo
cos lagartos invernantes acochadiños
vai ti saber
en que covacha escondidos,
E o mar
e a escuma
e a néboa
facéndome animal e natureza
e son de novo nena
inocente
infantil
e luminosa

Neboeira 1 (1983)



A partir de 1982, con vinte anos de idade, Xela Arias comeza a publicar poemas coma o que acabades de ler en xornais, revistas e libros colectivos. É unha moza que participa activamente na vida cultural, especialmente en recitais e festivais poéticos. Alto! Pensabades que a poesía é para ler sempre a soas? Pois non! Aos versos tamén lles prestan moito os micrófonos e os focos.

En 1986 publica o seu primeiro libro: *Denuncia do equilibro* (Xerais). É doado imaxinar a ilusión que lle faría a Xela Arias saber que os seus versos estaban nas librarías e bibliotecas de todo país.

(...) da terra chea de pegadas sobrepostas confundidas
alas de paxaro peixe alas de avión
ferrocarril e vento que pasara

Neste poemario non faltan nin os corsarios!

(...) é que teño o corazón de auga derretida desbordando
vasos e piscinas
e veñen as augas zoando coma corsarios
dos mares da palabra.

ACTIVIDADE

Xela Arias é a quinta muller á que se lle dedica o Día das Letras Galegas. Na seguinte listaxe hai sete autores e autoras que tiveron o seu 17 de maio. Investigade algo máis na páxina da Real Academia Galega sobre a súa vida e obra e atopade o único que non publicou ningún poemario.

María Mariño, Uxío Novoneyra, Rosalía de Castro, Lois Pereiro, Antón Fraguas, Francisca Herrera Garrido e María Victoria Moreno

Catro anos máis tarde (1990), tamén da man de Edicións Xerais de Galicia, chega a súa segunda obra: *Tigres coma cabalos*. No volume, os versos dialogan coas fotos de Xulio Gil, con quen Xela estivo casada dez anos. A poesía ten a capacidade de falar con outras expresións artísticas. Moitas cancións, por exemplo, están compostas a partir dun poema. E falando de música, sabiades que Xela Arias tamén escribiu letras para unha banda de rock?

En 1996 publica un terceiro libro moi especial: *Darío a diario* (Xerais). A obra está dedicada ao seu único fillo, Darío, que naquel momento tiña dous anos. Xela Arias converte en poesía a súa experiencia como nai.



Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas beirarrúas. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunta a min.

Nestes versos nótase a ansia de educar a Darío para que de maior sexa unha persoa libre e independente. Hai maior demostración de amor por un fillo?

Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres.

Vimos que con só vinte anos Xela Arias comezou a dar a coñecer os seus versos en revistas e xornais, e esa arela de iluminar a vida coa poesía acompañouna ata os últimos días. En xullo de 2003, apenas catro meses antes de finar, chegou *Intempériome*, unha obra coa que volveu gañar o aplauso da crítica e, sobre todo, dos lectores e lectoras. Xela demostraba unha vez máis que cos versos se lle pode dar a volta ao mundo, coma se fose un calcetín! Queredes velo?



E
se as leitugas e mailas pescadas poboasen os poemas,
se o fío de costura e mailos malditos calcetíns
se enganchasen ós versos....

ACTIVIDADE

Leitugas, pescadas, fíos, calcetíns... Cantas cousas collen en tan poucos versos. Ímosvos poñer a proba! Preparade lapis e papel. Tedes que crear un poema no que aparezan obrigatoriamente estas catro palabras:

TEIXUGO **AUTOBÚS** **PARACAÍDAS** **TOBOGÁN**

O que nos segue fascinando da poesía de Xela Arias é a capacidade de navegar contra corrente, a de ser quen de facer poemas singulares, únicos. Por iso queremos pechar este capítulo de Primavera das Letras cuns versos que publicou en 1993 en *Glu...glu... Periódico discontinuo*, porque a imaxinamos navegando no océano eterno da palabra.



Impórtame ultimamente un felino vermello esculcando a selva
e unha garza inverosímil a manter distancias;
un paxaro enferruxado ameazador e vixiante
e unha cuadrícula de cores que navego sen buxola.
Cousas así, as que me importan.
Sei que préme-lo temón dun nautilus acorazado
disposta ás vinte mil e mais sempre á contra pola cidade.

REAL ACADEMIA GALEGA

PRIMAVERA DAS LETRAS

Co apoio de
Deputación DA CORUÑA